

É incuestionábel a importancia que dentro do mundo da creación está a acadar a historieta, considerada como a novena arte. A aprendizaxe pasa polo uso de metodoloxías e recursos, polo intercambio de experiencias e coñecementos e pola comunicación entre os interesados nesta manifestación artística. Co Programa de Clases Maxistras pretende mos pór a disposición dos debuxantes e guionistas galegos a ocasión de crear un proxecto de historieta baixo as directrices de profesionais de recoñecido prestixio, no marco da exposición A Historieta Galega 1973–2008 producida por a Consellería de Cultura e Deporte e pola Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela coa dirección do Auditorio de Galicia.



**HISTORIETA
GALEGA
1973-2008**



clases maxistras
sobre a historieta
e a súa técnica

PRODUCE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Cultura

ORGANIZA



AUDITORIO DE GALICIA
Baixo o mecenado de
Finsa | Televés | Ruafer

PATROCINA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade



FEIMA
FUNDACION DE
ARTE GALEGO MADRID

A FUNDACIÓN FEIMA PATROCINA AS CLASES MAXISTRAS

AS ILUSTRACIÓNS DESTA FOLLETO SON OBRA DE XAQUÍN MARÍN



programa

Venres, 28 de marzo

Presentación das clases maxistras

Clase con **Miguelanxo Prado**

Sen dúbida o máis internacional dos debuxantes galegos. Desde os anos oitenta traballa para as mellores revistas nacionais e rapidamente se converte nun autor imprescindible no ámbito da historieta europea. Os seus álbums foron traducidos a case todos os idiomas, coa obtención de premios e recoñecementos a nivel mundial. A súa prolífica traxectoria inclúe a ilustración, a animación, a dirección do Salón Viñetas desde o Atlántico e, nestes momentos, tamén é autor dunha longametraxe. Debuxante e guionista, presentaralles os coñecementos adquiridos durante anos aos alumnos/as das clases.

Venres, 4 de abril

Clase con **Carlos Portela**

Recoñecido como un dos mellores guionistas galegos, non só no mundo da historieta senón tamén noutros medios como a televisión e o cine. Desde os seus primeiros traballos no cómic underground galego, pasando polos seus guións para o mercado francobelga até os seus grandes éxitos para o público nacional, Carlos Portela ten sobrada experiencia en todos os ámbitos da historieta.

Venres, 11 de abril

Clase de **Carlos Jiménez**

Este autor é un dos clásicos indiscutíbeis da historieta española. Comezou a traballar nos anos sesenta, xa para o mercado internacional. O seu labor máis destacado comeza a partir dos anos setenta con obras cun alto compromiso social, algunhas baseadas na súa propia biografía. Parte fundamental do mundo da historieta nacional, compartirá as súas catro décadas de coñecementos cos alumnos/as do curso.

Venres, 18 de abril

Xornada de Artes Gráficas

Clase de **Antonio Vázquez**

Profesional de grande experiencia no sector da fotomecánica e impresión, ocuparase de introducir os alumnos/as nunha das facetas máis descoñecidas para os debuxantes como é o proceso de artes gráficas, necesaria para a correcta reprodución do seu traballo. A xornada constará dunha sesión teórica e outra práctica nos obradoiros de impresión e encadernación da imprenta Tórculo.

clases maxistras

Destinatarios/as | Calquera debuxante ou guionista galego, sen límite de idade, que desexe coñecer as entrañas da creación e produción dunha historieta.

Inscrición | Para poder inscribirse o alumnado deberá presentar un proxecto curto para unha historieta de catro a oito páxinas e un bosquexo debuxado dunha páxina. Os comisarios da exposición estudarán cada proxecto e aprobarán a matrícula dun máximo de 15 alumnos/as. De non acadar un número mínimo non se realizaría a actividade.

Recepción dos proxectos | Até o **7 de marzo ás 14:00 horas**, no Auditorio de Galicia, avda. do Burgo das Nacións, s/n - 15705 Santiago de Compostela (A Coruña), tel. 981 552290. Admitirase por correo a documentación selada en oficinas de correos até o día 7 de marzo incluído. Non se aceptará documentación recibida con posterioridade á data indicada. A lista das persoas admitidas publicarase na páxina:

www.compostelacultura.org

Taxas | O prezo do curso para o alumnado seleccionado será de 100 euros que se deberán abonar no número de conta de Caixanova:

2080 / 0162 / 31 / 0040003944

até o **23 de marzo**, coa indicación «A historieta galega. Clases maxistras» e o nome e apelidos da persoa admitida. Deberá enviar por fax ao número

981 574 250

ou por e-mail:

exposicions@auditoriodegalicia.org

o comprobante do ingreso asegurándose de que figura o nome do curso e o nome e apelidos da persoa admitida.

Contido lectivo | O oficio do debuxante e o de guionista. Creación dunha historieta. Guión propio ou guión alleo. Relación do guionista co debuxante. Elección da técnica: axustar a técnica ao contido. Supeditación aos medios de produción e impresión. Técnicas narrativas. Montaxe de páxina: o guión visual. Tinguido e cor. Preparación de artes finais.

Horario e lugar | O horario das clases presenciais será de 10.00 a 13.30 h e de 16.00 a 19.30 h. As clases impartiranse na Sala Circular do Auditorio de Galicia. Haberá 40 horas máis de clases non presenciais, onde os alumnos terán que desenvolver o seu proxecto.

Finalidade | A finalidade das clases é a realización do proxecto de historieta de cada alumno/a. Os mellores traballos serán publicados no mes de xuño e presentados aos medios na clausura da exposición.

Información | Para calquera aclaración dirixirse a:

Auditorio de Galicia

Avda. do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

T. +34 981 574 152/53 – +34 981552 290
F. +34 981 574 250

exposicions@auditoriodegalicia.org

www.auditoriodegalicia.org

www.compostelacultura.org